



**CONVOCATORIA DO  
PROCEDIMENTO DE  
ACCESO AOS GRAOS I,II E  
III**

**COMPLEMENTO DE  
DESEMPEÑO DO POSTO  
PARA O PERSOAL  
LABORAL**

**PRAZO DE SOLICITUDE:  
DENDE 03/12/2025  
ATA O 30/12/2025  
[ENLACE AO DOG](#)**

**UGT**



**Servizos  
Públicos  
Autonómica**





## FINALIDADE DA ORDE

- Regular o **procedemento** para o acceso ao réxime **extraordinario dos graos I, II e III do complemento de desempeño do posto para o persoal laboral**, **coa excepción deaquelas persoal que obtiveron o recoñecemento dun grao na convocatoria anterior publicada mediante a Orde do 29 de decembro de 2023** (DOG nº5, do 8 de xaneiro de 2024).
- Este complemento será adicional aos xa existentes na estrutura salarial do persoal laboral.

## QUÉN PODE SOLICITAR?

- **Ao grao III: persoal con máis de 17 anos de servizo**
- **Ao grao I: persoal con máis de 5 anos de servizo** xa sexan:
  - de novo ingreso ou
  - porque non cumprían os requisitos das convocatorias anteriores
  - posibilitase que nesta convocatoria lle conten os cursos realizados nos últimos anos.
- **Ao grao II: persoal con máis de 11 anos de servizo**
  - Porque non cumprían os requisitos das convocatorias anteriores, ou
  - por non ter realizado a correspondente solicitude por diversas causas, non tivo oportunidade de acadar o grao II na anterior convocatoria.



# ÁMBITO DE APLICACIÓN, PERSOAL LABORAL:



- Da **Administración xeral** da C. A. de Galicia ou **EEl do artigo 45.a) da LOFAXGA**, que estea **en servizo activo** ou en calquera outra **situación** que supoña **reserva de praza ou dun posto** de traballo concreto.
- **Doutras administracións públicas** que, mediante os sistemas de **concurso, permuta, transferencia desde outra A.P., libre designación ou adscrición temporal**, preste servizos na **AXG** ou **EEl do artigo 45.a) da LOFAXGA**.
- O persoal laboral **fixo** da Xunta de Galicia que cumpre os **requisitos** para a súa **funcionarización** de conformidade co establecido na **DTª 2ª da LEPG**, e do **D. 165/2019**, do 26 de decembro, ou da **DA 17ª da dita lei**, **deberá asinar o compromiso de participar e superar o proceso de funcionarización que se convoque**
- O persoal laboral **fixo** procedente do **CGSIB integrado** como persoal laboral fixo da **Xunta** de Galicia ao abeiro do **Decreto 129/2012**, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable a persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, **deberá asinar o compromiso de participar e superar o proceso de funcionarización que se convoque**.



## EXCLUSIÓN RÉXIME EXTRAORDINARIO

- O persoal laboral que:
  - desempeñe as súas funcións nos entes instrumentais do **artigo 45.a) LOFAXGA**, e que, ademais, **non** se trate de persoal **integrado** como persoal laboral do Convenio colectivo único da Xunta de Galicia, de conformidade co procedemento establecido no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.
  - Persoal que **xa tivese recoñecido algún grao de complemento** de desempeño na convocatoria publicada mediante a **Orde do 29 de decembro de 2023** (DOG núm. 5, do 8 de xaneiro de 2024).
  - **Calquera outro** persoal laboral que **non se atope dentro do ámbito** de xestión da **consellería** competente en materia de **emprego público**.

# O GRAO EXTRAORDINARIO ADQUIÉRESE NO GRUPO DE PERTENZA OU NOMEAMENTO EN QUE SE ATOPE PRESTANDO SERVIZOS EN 31.12.2024.

A progresión nos distintos graos para grupo será **CONSECUTIVA E IRREVERSIBLE**  
**CAMBIO DE GRUPO OU SUBGRUPO OU VÍNCULO**

- Si accedes a outro grupo ou subgrupo e tes recoñecido un grao de complemento de desempeño deberás **reiniciar** a complemento **no novo grupo ou subgrupo**.
- Este cambio **non afectará o grao xa recoñecido**. Continuarás percibindo o complemento de desempeño **no grupo ou subgrupo de orixe**, ao cal **se lle irán sumando as novas retribucións ata o límite de catro graos**. Cando teñas recoñecidos máis de catro graos, **percibirás o complemento** de desempeño correspondente **aos** catro graos **de maior contía**.
- No caso da **promoción interna vertical**, o **tempo prestado no anterior grupo ou subgrupo computarase** como prestado no novo grupo ou subgrupo.
- Aplicarase **idéntico criterio** no caso de que foses **persoal funcionario e accedese a grupos e categorías de persoal laboral**.
- O desempeño de **funcións de superior categoría** en **ningún caso consolidará** as **cantidades nin o grao superior do complemento** de desempeño.



# HOMOLOGACIÓN DE GRAOS RECOÑECIDOS NOUTRAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

Si es persoal laboral procedente douta Administración pública e pasas a desempeñar postos nesta administración podes **homologar** os graos de complemento de desempeño que teñas recoñecidos noutras administracións públicas sempre que se teña subscrito un **convenio de conferencia sectorial** ou **outros instrumentos de colaboración** coa Administración túa de orixe.

A solicitude de homologación debes dirixila á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal e achegar a documentación que se considere oportuna.





- O **pago do complemento** (dos graos I, II e III, segundo corresponda) producirase de maneira progresiva, con esta distribución:
  - **2025: 35%**
  - **2026: 70%**
  - **2027: 100%**
- Si estás de **permiso** (por nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento ou do proxenitor diferente da nai biolóxica) ou en **situación de IT**:
  - Podes solicitar o recoñecemento e os efectos económicos serán a partir da finalización do permiso ou da IT.
  - **Tamén** podes **solicitar** o recoñecemento (do I, II ou do III, segundo corresponda) durante o **mes seguinte á finalización do permiso ou da IT**.
- Si **cesas como laboral temporal** ou **te xubilas durante o 2025**, os efectos económicos son **dente o 01/01/25 ata o cesamento ou xubilación**



# PROCEDIMENTO

- A través de:
  - <https://www.xunta.gal/funcion-publica/carreira-profesional>
  - <https://fides.xunta.gal>
- Na web terás a documentación de axuda con instrucións sobre o acceso e o proceso de solicitude.
- **A solicitude:**
  - Conterá os teus **datos precargados** coa información contida nas aplicacións da DXEPAP.
  - Tramitarase integramente desde o sistema **FIDES**
  - Deberás **asinala e presentala electronicamente**.
- **Só** se admitirá **unha solicitude por persoa** participante.
- **Non** podes solicitar **máis dun grao**.
- **Se presentas máis dunha** solicitude co mesmo nome darase como **válida a primeira** presentada.
- En ningún caso, ningunha persoa poderá ter recoñecidos máis de 3 graos no sistema extraordinario.
- **O prazo de solicitude: dende o 03/12/2025 ata o 30/12/2025**

## VALORACIÓN DOS CRITERIOS:

- **Segundo os datos que consten no rexistro central de persoal, o sistema avaliará os criterios que consten no expediente:**
  - Se cumpres algún dos requisitos esixidos na convocatoria:
    - Estimación da solicitude.
  - No caso de que non compreas os requisitos:
    - Requirimento no prazo de 10 días hábiles para acreditación dalgún dos criterios



# RESOLUCIÓN:

- **Prazo máximo para a resolución:**
  - **6 meses** dende a presentación da solicitude.
- **De non se ditar** resolución no anterior prazo:
  - entenderase **desestimada**.
- **Efectos** das resolucións estimatorias de grao: a **01/01/2025**.
- Publicación das resolucións, estimatorias e desestimatorias:
  - En DOG
  - Ou ben notificadas individualmente cando a aplicación informática o permita.
- Contra as resolucións (estimatoria ou desestimatoria), recursos:
  - Reposición (1 mes)
  - Contencioso-administrativo (2 meses)



## REQUISITOS ESPECÍFICOS GRAO I:

- **PARA ACCEDER AO GRAO I, DEBES:**

- Estar **prestando servizos** como persoal laboral nesta administración en **31.12.2024** e cunha **antigüidade**, en calquera Administración, de **polo menos cinco anos en 31.12.2024**.
- Cumprir **un** dos criterios de avaliación establecidos no artigo 13 en **31.12.2023**
- **O grao extraordinario adquírese no grupo ou subgrupo en que se estea en activo en 31.12.2024**

- Será computable **toda a antigüidade**:
  - Noutras administracións públicas
  - Servizos como estatutario do persoal do SERGAS
  - Servizos como persoal funcionario na Administración de xustiza
  - Universidades
  - Concellos
  - Entes instrumentais do artigo 45 da LOFAXGA
  - Os servizos prestados como persoal docente ou investigador, sempre que se presten como persoal funcionario ou laboral incluído no ámbito de aplicación do presente acordo



- **Formación:**

- Recibida: mínimo 40 horas (inclúense os cursos de iniciación e perfeccionamento de galego)
- Impartida: 10 horas.

- **Doutoramento.**

- Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa Admon. Pública
- **2 anos de funcións** de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente.
  - Respecto ao persoal laboral funcionarizado que tras a funcionarización pasa a ocupar o mesmo posto pero con nivel, enténdese que a ocupación dese posto con nivel é anterior á conversión do posto de laboral en funcionario, polo que o nivel lle computaría desde que desempeña ese posto como laboral ou funcionario e sempre que se trate do mesmo posto. Dado que existen postos de xefatura de sección de nivel 22, considérase que cumpren con este criterio aquelas persoas empregadas públicas que desempeñen postos de nivel 22 ou superior durante os anos requiridos
- **2 anos en situación de excedencia** por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo
- Nomeamento e **participación na totalidade do proceso como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.**
- Ser **beneficiario/a do premio** de empregados/as públicos/as innovadores/as convocado pola **Axencia Galega de Innovación**



## REQUISITOS ESPECÍFICOS GRAO II:

- **PARA ACCEDER AO GRAO II, DEBES:**
  - Ter a **condición** de **persoal laboral** nesta administración en **31.12.2024** e cunha **antigüidade**, en calquera Administración, de **polo menos 11 anos en 31.12.2024**.
  - Ter **recoñecido o grao I** no correspondente **grupo ou subgrupo** en **que se solicita o grao II en 31.12.2023**.
  - Cumprir **un dos criterios de avaliación** establecidos no artigo 16 en **31.12.2024**
- **O grao extraordinario adquírese no grupo ou subgrupo en que se estea en activo en 31.12.2024**



- Será computable **toda a antigüidade**:
  - Noutras administracións públicas
  - Servizos como estatutario do persoal do SERGAS
  - Servizos como persoal funcionario na Administración de xustiza
  - Universidades
  - Concellos
  - Entes instrumentais do artigo 45 da LOFAXGA
  - Os servizos prestados como persoal docente ou investigador, sempre que se presten como persoal funcionario ou laboral incluído no ámbito de aplicación do presente acordo.





# CRITERIOS DE AVALIACIÓN GRAO II: (1)

- **Formación:**
  - **Recibida: mínimo 80 hs.** (inclúense os cursos de iniciación e perfeccionamento de galego)
  - **Impartida: 20hs**
- **Doutoramento.**
  - Se **este punto xa determinou o acceso ao grao anterior** serán necesarias **a maiores 40 horas de formación recibida**
- **Publicación de traballos** científicos e de investigación relacionados coa Admon. Pública.
  - No **caso de que o grao I se adquirise en base a este criterio**, os traballos científicos ou de investigación deberán ser distintos a aqueles determinantes do grao I ou, alternativamente, **contar a maiores con 40 horas de formación recibida**
- **4 anos** de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente **ou ben 2 anos e 40 horas de formación recibida.**
  - Respecto ao **persoal laboral funcionarizado** que tras a funcionarización pasa a ocupar o mesmo posto pero con nivel, enténdese que a ocupación dese posto con nivel é anterior á conversión do posto de laboral en funcionario, polo que o nivel lle computaría desde que desempeña ese posto como laboral ou funcionario e sempre que se trate do mesmo posto. Dado que existen postos de xefatura de sección de nivel 22, considérase que cumpren con este criterio aquelas persoas empregadas públicas que desempeñen postos de nivel 22 ou superior durante os anos requiridos





- **4 anos** en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo.
  - **Alternativamente 2 anos nalgunha das situación anteriores e 40 horas de formación recibida.**
- Nomeamento e participación na totalidade de **2 procesos como membro dalgún tribunal** cualificador de procesos selectivos
  - **Alternativamente** participación **nun proceso e 40hs de formación recibida.**
- Ser beneficiario/a do **premio** de empregados/as públicos/as innovadores/as convocado pola **GAIN**.
  - No caso de que o **grao I se adquirise en base a este criterio**, **non poderá determinar a concesión doutro grao**





- **PARA ACCEDER AO GRAO III, DEBES:**

- Ter a **condición** de **persoal laboral** nesta administración en **31.12.2024** e cunha **antigüidade**, en calquera Administración, de **polo menos 17 anos en 31.12.2024**.
- Ter **recoñecido o grao II** no correspondente **grupo ou subgrupo** en **que se solicita o grao II en 31.12.2023**.
- Cumprir **un** dos criterios de **avaliación** establecidos no artigo 19 en **31.12.2024**
- **O grao extraordinario adquírese no grupo ou subgrupo en que se estea en activo en 31.12.2024**





- Será computable **toda a antigüidade**:
  - Noutras administracións públicas
  - Servizos como estatutario do persoal do SERGAS
  - Servizos como persoal funcionario na Administración de xustiza
  - Universidades
  - Concellos
  - Entes instrumentais do artigo 45 da LOFAXGA
  - Os servizos prestados como persoal docente ou investigador, sempre que se presten como persoal funcionario ou laboral incluído no ámbito de aplicación do presente acordo.





- **Formación:**
  - **Recibida: mínimo 120hs (inclúense os cursos de iniciación e perfeccionamento de galego).**
  - **Impartida: 30hs**
- **Doutoramento.**
  - Se **este punto** xa determinou o acceso ao **grao anterior** serán necesarias **a maiores 80 horas de formación recibida**
- **Publicación de traballos** científicos e de investigación relacionados coa Admon. Pública.
  - No caso de que o **grao I se adquirise en base a este criterio**, os traballos científicos ou de investigación **deberán ser distintos** a aqueles determinantes do grao I ou, **alternativamente**, contar **a maiores con 80 horas de formación recibida**
- **6 anos** de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente
  - Respecto do **persoal laboral funcionarizado** que tras a funcionarización pasa a ocupar o mesmo posto pero con nivel, enténdese que a ocupación dese posto con nivel é anterior á conversión do posto de laboral en funcionario, polo que o nivel lle computaría desde que desempeña ese posto como laboral ou funcionario e sempre que se trate do mesmo posto.
  - Dado que existen postos de xefatura de sección de nivel 22, considérase que cumpren con este criterio aquelas persoas empregadas públicas que desempeñen postos de nivel 22 ou superior durante os anos requiridos
  - **Alternativamente 2 anos nas ditas funcións e 80 horas de formación recibida, ou ben 4 anos de funcións e 40 horas de formación.**





- **6 anos** en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo.
  - **Alternativamente 2 anos nalgunha das situación anteriores e 80 horas de formación recibida ou ben 4 anos e 40hs.**
- Nomeamento e participación na totalidade de **3 procesos como membro dalgún tribunal** cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.
  - **Alternativamente participación nun proceso e 80hs de formación recibida ou ben 2 procesos e 40 hs de formación.**
- Ser beneficiario/a do **premio** de empregados/as públicos/as innovadores/as convocado pola **GAIN**.
  - No caso de que o grao I se adquirise en base a este criterio, non poderá determinar a concesión doutro grao



# RECOÑECIMIENTO DAS SOLICITUDES PARA DO PERSOAL DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR



En relación co persoal incluído na epígrafe terceira do artigo segundo, as súas solicitudes serán tramitadas e resoltas pola DXEPAPersoal.

Corresponde ao órgano competente en materia de persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o recoñecemento e pagamento das solicitudes presentadas polo persoal da entidade non incluído na dita epígrafe

## PERSOAL LABORAL PROPIO DA GAIN

O persoal laboral propio da GAIN que, ao abeiro do Acordo do 31 de outubro de 2023 asinado por Gain, a Consellería de Facenda e Administración Pública e as organizacións sindicais CSIF, CC.OO. e UGT para a integración do persoal da Axencia Galega de Innovación nas estruturas da Administración da Xunta de Galicia, teña recoñecido o grao I da carreira profesional, que asine o compromiso de funcionarización e que deberá cumprir os requisitos exixidos no artigo 15, poderá solicitar o grao II.

O recoñecemento do grao II será realizado pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal e o seu pagamento corresponderá ao centro directivo onde presten os seus servizo





# PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

Para os empregados públicos que acrediten discapacidade intelectual os **criterios** de **avaliación** esixidos para cada grao veranse **reducidos nun 50%**, de xeito que, por exemplo, se se esixen 40 horas para o grao I, requiriranse 20.

## RECOÑECIMIENTO DE GRAO MEDIANTE SENTENZA XUDICIAL

- Aquelas persoas que obteñan un grao de carreira por sentenza xudicial disporán do **PRAZO DUN MES DESDE A FIRMEZA DA SENTENZA**, para solicitar o recoñecemento do grao correspondente conforme a esta convocatoria, sempre que cumpras o resto dos requisitos. O prazo iniciárase desde a notificación do decreto de declaración da firmeza da sentenza.
- Neste suposto deberas presentar a través da sede electrónica da Xunta de Galicia unha solicitude mediante o modelo PR004, dirixida á DXEPAP alegando o que consideres necesario e xuntando a sentenza e a firmeza desta.
- En ningún caso, ningunha persoa poderá ter recoñecidos máis de tres graos deste sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira profesional.

